

ACORDO REGULADOR Nº 17 DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE VILAGARCÍA DE AROUSA E OUTROS SERVIZOS

PRIMEIRO. NATUREZA E FUNDAMENTO

ARTIGO 1:

Este Concello, en virtude das facultades que lle confiren os arts. 41,127 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao obxecto de fixar a estrutura, contía e demais aspectos necesarios para axilizar a xestión e recadación do Prezo Público pola utilización das instalacións Deportivas Municipais, servizos varios, así como o establecemento do prezo público pola colocación de publicidade, ven a aprobar o presente acordo regulador.

SEGUNDO. OBXECTO

ARTIGO 2:

Será obxecto desta exación:

1.- A utilización das instalacións seguintes:

- a) Ximnasios
- b) Pavillóns Deportivos
- c) Pistas de Tenis
- d) Campos de Fútbol
- e) Pista de Atletismo
- f) Piscina Cuberta
- g) Calquera outra que no futuro poida incorporarse por desexo da Corporación.

2.-Outros servizos que poidan ser prestados pola Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais

TERCEIRO. OBRIGA DE PAGO

ARTIGO 3:

Estará constituído pola utilización de calquera das instalacións, pola colocación de calqueira tipo de publicidade dentro das citadas instalacións que constitúen o obxecto deste Acordo, ou pola solicitude doutros servizos que oferte a Fundación, a obrigación de pago nacerá pola realización de tales utilizacións, medie ou non solicitude do/a usuario/a ou do/a obrigado/a ó pago.

ARTIGO 4. OBRIGADOS AO PAGO.

Estarán obrigadas ao pago:

- a) As persoas naturais ou xurídicas que soliciten a utilización das instalacións, a colocación de publicidade, ou outros servizos da Fundación.
- b) As Entidades, Organismos, Asociacións, Federacións, Clubes, etc., no nome das cales se solicitasen ante o Excmo. Concello a autorización para a utilización das instalacións, a colocación de publicidade, ou outros servizos da Fundación.

ARTIGO 5. RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os art. 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e Entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

CUARTO. BASES DE GRAVAMEN E TARIFA

ARTIGO 6: INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

O Prezo Público a satisfacer ao Excmo. Concello pola utilización das instalacións que a continuación se citan, axustaranse ás seguintes :

TARIFAS

XIMNASIO:

(Tarifa en Euros por persoa e hora)

- a) Persoa (≥18 anos) 1,20

Abono Mensual:

- a) Persoa (≥18 anos) 10,50

PAVILLÓNS DEPORTIVOS:

(Tarifa en Euros por instalación e hora)

1) Pavillón nº I e II do C.D.M. Fontececarmao.

- a) Infantís (ata os 12 anos)..... 4,50
- b) Xuvenís (13-17 anos)..... 6,00
- c) Sénior (≥18 anos)..... 7,50

2) Resto Pavillóns

- a) Infantís (ata os 12 anos)..... 3,50
- b) Xuvenís (13-17 anos)..... 4,80
- c) Sénior (≥18 anos)..... 6,00

PISTAS DE TENIS:

(Tarifa en Euros por pista ou instalación e hora)

- a) Infantís (ata os 12 anos)..... 1,80
- b) Xuvenís (13-17 anos)..... 2,40

c) Sénior (≥18 anos)..... 3,50

Abonos 10 vales (válidos por 2 meses)

a) Infantís (ata os 12 anos)..... 9,00
 b) Xuvenís (13-17 anos)..... 15,00
 c) Sénior (≥18 anos)..... 24,00

Abonos 20 vales (válidos por 4 meses)

a) Infantís (ata os 12 anos)..... 17,00
 b) Xuvenís (13-17 anos)..... 25,00
 c) Sénior (≥18 anos)..... 42,00

CAMPOS DE FUTBOL:

(Tarifa en Euros por hora)

1) Campos de Herba (natural ou artificial):

a) Infantís(ata os 12 anos)..... 6,00
 b) Xuvenís (13-17 anos)..... 9,00
 c) Sénior (≥18 anos)..... 15,00

2) Campos de Terra:

a) Infantís (ata os 12 anos)..... 4,80
 b) Xuvenís (13-17 anos)..... 9,00
 c) Sénior (≥18 anos)..... 12,00

PISTA DE ATLETISMO:

(Tarifa en Euros por persoa e hora)

a) Infantís (ata os 12 anos)..... 1,00
 b) Xuvenís (13-17 anos)..... 1,00
 c) Sénior (≥18 anos)..... 1,20

Abono Mensual:

a) Infantís (ata os 12 anos)..... 6,00
 b) Xuvenís (13-17 anos)..... 7,50
 c) Sénior (≥18 anos)..... 10,50

TARIFAS DE ADESTRAMENTOS PARA DOUS EQUIPOS QUE O FAGAN CONXUNTAMENTE

Aplicaranse as tarifas establecidas anteriormente, cun incremento do 50%.

ARTIGO 7: PISCINA CUBERTA:

A Piscina Municipal e unha Instalación Municipal xestionada indirectamente, fixéndose polo Concello o prezo público correspondente.

TARIFAS:

A) Cota de Entrada (Única):
 (Mátricula abonados/as).....25,81

B) Abono Mensual (acceso a tódolos servizos tódolos días sen limite de tempo)

b.1) Abono individual (con servizo deportivo).... 25,81
 b.2) Abono Familiar (indep. N° de fillos)..... 31,67
 b.3) Abono individual Terceira Idade e Colectivos desfavorecidos 18,72

b.4) Abono Indv. Menores de 18 anos 18,72
 b.5) Abono Familiar Terceira Idade 25,81

C) Sen abono:

Piscina, Ximnasio, SPA (sen límite de tempo/continuo)

c.1) Entrada ADULTO 3,50
 c.2) Entrada MENOR 2,36

D) CURSOS:

(Tarifa en Euros mensual do curso por cada día á semana)

d.1) Cursos de Natación(De 4 anos en adiante).. 12,95

d.2) Cursos de Natación BEBÉS
 (De 0 a 3 anos)..... 10,59

d.3) Cursos de Natación Terceira Idade e
 Discapacidade..... 9,87

d.4) Cursos de Ximnasio:
 AEROBIC, XIMNASIA MANTEMENTO 12,10

Nota.- Nestes cursos o/a usuario/a elixe o número de días á semana que quere realizar. Dentro da oferta terán a opción de 1, 2, 3 días ou cursos intensivos. Os/as socios/as teñen un desconto do 30% nos cursos anteriormente sinalados.

d.5) Cursos Preparación ó parto..... GRATUITO
 (para Abonadas, no caso de Non Abonadas a tarifa será a de Cursos de Natación).

d.6) Curso de Preparación Física
 (Opositores, persoal training) 35,26

E) Outras Actividades: (Tarifa en Euros por sesión)

e.1) Rehabilitación 21,96

e.2) Revisión Médica 10,89

e.3) Masaxe 17,58

e.4) Masaxe rápido(15 minutos) 10,89

e.5) Solarium 5,45

e.6) Solarium
 (Abono de 10 sesións – 10% dto.)..... 49,39

e.7) Solarium
 (Abono de 20 sesións – 15% dto.) 93,26

e.8) Xornada Acuática ou Festiva 5,87

e.9) Aluguer de Rúa Piscina
 (45 minutos, para Clubes/Entidades
 Deportivas e Culturais)..... 23,44

e.10) Seg. persoal asistencia sanitaria (anual)...
 23,44

e.11) Sust.Tarxetas Provisport
 (acceso instalación)..... 3,50

e.12) Aluguer de Taquillas e Xaulas 11,78

e.13) Serv.Gardaroupa
 (custodia de obxectos de valor)..... 0,20

Nota.- Ás tarifas da Piscina Cuberta se lle incrementará anualmente o importe correspondente ao IPC interanual, previo acordo do organo correspondente.

ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

TARIFAS:

	Tarifa Mínima	% S/Ingresos
	<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
Instalacións exteriores.....	6,00	10%
Instalacións interiores	9,00	10%

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte.

Entederase por ingresos a estes efectos os que se deriven directamente da actividade, tales como entradas, incricións, etc...

ARTIGO 9: DEPORTE PROFESIONAL E ESPECTÁCULOS NON DEPORTIVOS

Baremo de porcentaxe ou alugamentos:

O que, en cada caso, propoña o Consello de Xerencia da Fundación de Deportes., segundo a natureza do deporte profesional a practicar, ou do espectáculo non deportivo de que se trate.

En calquera caso, a tarifa mínima por hora no tema de Deportes Profesionais será de 6 euros e dun 15% sobre os ingresos.

Polo que respecta ó tema de Espectáculos non deportivos, a tarifa mínima por hora será de 30 euros e dun 15% sobre os ingresos.

Entederase por ingresos a estes efectos os que se deriven directamente da actividade, tales como entradas, incricións, etc...

ARTIGO 10:

Os gastos de persoal de servizo discontinuo (vendedor/a de billetes, porteiros/as, acomodadores, vixiantes, electricistas, etc) correrán por conta dos/as persoas/entidades organizadoras do acto. As necesidades de tal tipo de persoal serán fixadas a xuicio do Consello de Xerencia da Fundación de Deportes, tendo en conta a categoría da actividade a celebrar.

ARTIGO 11: PUBLICIDADE

A publicidade xestionada polos Clubes/Entidades Deportivas, que se coloque nas instalacións deportivas municipais, será de tipo móbil.

A Fundación de Deportes establecerá en cada intre os espazos reservados a calquera tipo de publicidade.

A publicidade fixa será xestionada directamente pola Fundación, a través do establecemento de Convenios que serán aprobados pola Xunta Rectora, fixándose as diversas condicións económicas.

A Publicidade móbil só poderá colocarse polos Clubes/Entidades Deportivas, durante a celebración das súas actividades deportivas e previa autorización da Fundación de Deportes, concedéndose ésta cada tempada. Os Clubes/Entidades Deportivas serán os responsables da Publicidade móbil que instalen, así como dos danos que estas poidan ocasionar.

ARTIGO 12: SERVICIOS VARIOS

A Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais dentro do seu obxectivo fundamental, a promoción do deporte, poderá ofertar servizos tales como Escolas Deportivas, Escolas de Verán, Ximnasia de Mantemento, torneo de fútbol praia etc., que virán reguladas polas Bases específicas de cada actividade, que deberá aprobar a Xunta Rectora da Fundación de Deportes, donde se especificará a cota de inscrición:

ESCOLAS DEPORTIVAS:

(Tarifa en Euros por cada escola)

a) Alumno/a 12,00

ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN:

(Tarifa en Euros por alumno/a)

a)1 mes 12,00

b)2 mes 18,00

ACTIVIDADES FISICO-RECREATIVAS

(Tarifa en Euros por cada curso/persoa)

A)XIMNASIA DE MANTEMENTO

a) Persoa..... 18,00

B)XIMNASIA ACUÁTICA

a) Persoa..... 18,00

C)AEROBIC

a) Persoa..... 18,00

D)TAI-CHI

a) Persoa..... 18,00

E)IOGA

a) Persoa..... 18,00

F)BADMINTÓN

a) Persoa 18,00

TORNEO FÚTBOL PRAIA:

(Tarifa en Euros por equipo)

- a) Categoría A 9,00
- b) Categoría B 18,00
- c) Categoría C 36,00 + 36,00. de Fianza
- d) Categoría D 36,00 + 36,00. de Fianza

ARTIGO 13: ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN E OUTRAS ACTIVIDADES DE NOVA CREACIÓN:

Facúltase á Xunta Rectora da Fundación de Deportes para a fixación, no seu caso, das tarifas correspondentes xunto coa aprobación do Proxecto da actividade.

Asemade nos casos que proceda facúltase á Xunta de Goberno Local a fixación da cuantía do prezo público, conforme o artg. 47 da Lei Reguladora de Facendas Locais, previa proposta da Xunta Rectora da Fundación de Deportes.

ARTIGO 14: CARNÉ DA FUNDACIÓN DE DEPORTES

O Carné dará dereito a utilización de tódas as instalacións Municipais a excepción da Piscina Municipal que estará supeditada ós posibles acordos que se poidan aprobar coa empresa que a xestiona, así mesmo tamén dará dereito a participación nas actividades que organice a Fundación, (PE: Escolas Deportivas Municipais, Ximnasia de Mantemento, aerobic, Badminton, Torneo de Fútbol Praia...etc).

Para utilizar as instalacións deportivas por parellas ou colectivamente, será necesario que todos/as deportistas/usuarios/as sexan titulares do carné da Fundación de Deportes, en caso contrario, cada un daqueles que non sexa titular do mesmo deberá abonar o prezo que resulte de dividir o prezo por hora da instalación entre o número de persoas que vaian a utilizala.

As características do Carné da Fundación de Deportes así como a documentación e aspectos prácticos do mesmo deberán regularse pola Xunta Rectora.

O Carné esta estruturado en dúas grandes áreas:

PERSOAS/USUARIOS/AS:

(Tarifa en Euros/tempada)

- a) Familiar 60,00
- b) Individual Sénior 45,00
- c) Xubilad@s/Pensionistas/Parad@s 30,00
- d) Xóven 30,00
- f) Nenos/as 30,00
- g) ≥65 anos 30,00

EMPRESAS:

Ás Empresas ou Entidades que colaboren económica ou materialmente coa Fundación poderáselles entregar Carnés de Socios-colaboradores.

QUINTO. BONIFICACIÓNS

ARTIGO 15:

Non estarán suxeitos a este prezo público:

15.1.- Aquelas utilizacións da instalación que correspondan os eventos organizados pola iniciativa do Excmo. Concello ou patrocinados polo mesmo.

15.2.- Os Centros de Ensino Públicos que carezan de instalacións deportivas suficientes e soliciten as instalacións deportivas municipais, exceptuando a utilización da Piscina Municipal.

ARTIGO 16:

Establécense as seguintes bonificacións:

1º.- Terán unha redución do 100% da tarifa, todos aqueles que posúan o Carné da Fundación.

2º.- Nas escolas deportivas e escola multideportiva de verán terán:

a) Unha redución do 100% da tarifa, aqueles que teñan ingresos inferiores a 1.000,00 euros brutos/mensuais.(Estos ingresos refírense a unidade familiar e referido ao mes anterior á inscrición).

b) Unha redución do 25% no caso de que sexan familia numerosa (deberán presentar xustificación da mesma)

3º.- Nas actividades físico-recreativas terán unha redución do 50% todos aqueles que teñan ingresos inferiores a 1.000,00 euros brutos/mensuais (Estos ingresos refírense a unidade familiar e referido ao mes anterior á inscrición).

ARTIGO 17: CONVENIOS

As persoas naturais ou xurídicas, así como as Entidades, organismos, asociacións, federacións ou clubs, etc, que organicen actos ou utilicen as instalacións obxecto deste Acordo Regulador con carácter periódico e para a realización das Actividades Deportivas nas que esten federadas, poderán solicitar o correspondente convenio económico coa Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

As condicións do mesmo serán fixadas en todo caso con arreglo ó procedemento legalmente establecido e a aprobación destes convenios corresponderá á Xunta Rectora, previa petición por escrito motivado explicando para qué actividades se aplicaría o convenio.

Estes mesmos Convenios poderán establecerse para aquelas actividades que se consideren de interese social, cultural ou formativo.

O convenio poderá establecer unha bonificación, cunha redución de ata o 100% das tarifas do presente Acordo.

SEXTO. DEVENGO

ARTIGO 18:

18.1.- O prezo público devengarase no momento mesmo en que se inicie a prestación do servizo.

18.2.- O Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por medio do encargado/a da Administración deste prezo público, poderá esixir un depósito previo para responder, no seu caso, das indemnizacións por desperfectos que poidan producirse nas pistas ou en calquera outro servizo complementario. Este depósito poderá ser constituído en metálico, mediante aval bancario ou Póliza de Seguros. Será devolto unha vez que se demostre, mediante informe do/a responsable das instalacións, que non se causou dano ou que estes foron reparados.

SÉTIMO. TRAMITACIÓN

ARTIGO 19:

19.1.- As instancias nas que se farán constar os días e horas en que se desexe efectuar a utilización e demais circunstancias que desexen expoñer presentaranse no Rexistro da Fundación de Deportes.

Corresponderá ó/a Presidente/a da Fundación de Deportes, informar sobre a procedencia da concesión da licenzia solicitada e formular a proposta de resolución ó Consello de Xerencia da Fundación de Deportes.

A este informe acompañarase a liquidación correspondente ó outorgamento da licenzia, procedéndose pola Intervención Municipal á fiscalización que corresponda.

ARTIGO 20:

A persoa responsable das instalacións Deportivas Municipais poderá outorgar licenzas para utilización do mesmo, cando se trate de solicitudes para usos esporádicos, non comprendidas no suposto anterior. Neste caso o/a responsable das instalacións efectuará a liquidación e cobro correspondente que deberá ser ingresado na conta da Fundación de Deportes restrinxida aberta a tal efecto.

OITAVO. LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN

ARTIGO 21:

21.1.- O pagamento das liquidacións correspondentes ós espectáculos de carácter non periódico deberá realizarse na conta da Fundación de Deportes, cunha antelación mínima de 24 horas á celebración do espectáculo.

21.2.- No suposto de usos periódicos as liquidacións resultantes deberán ingresarse por meses anticipados.

21.3.- En tódolos demais casos, o/a responsable das instalacións do Polideportivo percibirá por parte do/a usuario/a o prezo público que corresponda antes do disfrute da instalación.

21.4.- A non celebración do espectáculo só dará dereito á devolución do prezo público aboado cando sexa o propio Concello o responsable da non celebración, non tendo dereito o/a solicitante a reclamar danos e prexuícios, sempre que a cancelación do permiso se notifique con 48 horas de antelación.

21.5.- Os depósitos previos do art. 18.2 deste Acordo Regulador realizaranse sempre na conta bancaria da Fundación de Deportes, requisito sen o que non se concederá autorización para a utilización.

NOVENO. NOTIFICACIÓNS

ARTIGO 22:

22.1.- Adoptada a resolución pertinente, polo/a responsable das Instalacións Deportivas Municipais practicarase a correspondente notificación ós/ás interesados/as.

22.2.- Nos supostos de resolución denegatoria da pretensión formulada, pola Intervención da Fundación de Deportes, ordenaranse as operacións pertinentes a fin de que se proceda á inmediata devolución do importe do depósito constituído polo/a interesado/a, previsto no art. 18.2 deste Acordo.

ENTRADA EN VIGOR

As modificacións efectuadas no presente acordo foron aprobadas, en sesión celebrada o día 27 de xullo 2010 e entrará en vigor unha vez publicado no BOP e transcurrido o prazo previsto no artg. 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Datas anteriores modificacións:

PUBLICADO BOP (Derogación Taxa, Aprobación Prezo Público)..... ANO 2009

Data modificación actual:

PUBLIC BOP (modific tarifas piscina):.....24/09/2010